



RESOLUCIÓN DE ADAPTACIÓN PLANO ESTUDIOS FARMACIA 1999

A resolución do 27 de xullo de 1999, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se publica a modificación do plano de estudos conducente ó título de Licenciado en Farmacia en cumprimento da normativa vixente, establece no apartado 3b) do cadro de adaptacións que a Universidade dictara ás resolucións necesarias para resolver os problemas de adaptación ou interpretación do mesmo.

Para clarificar tódalas cuestións suscitadas polos alumnos verbo da adaptación ó plano de estudos de 1999 dictase a seguinte

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Adaptación do primeiro ciclo completo: tódolos alumnos que teñan superado o primeiro ciclo do plano de estudio de 1994 poderán adaptalo ó primeiro ciclo do plano de 1999. Na unidade de xestión académica realizarse unha declaración xenérica de adaptación segundo establece o artigo 43.2.5 da Normas de Xestión Académica.

SEGUNDO.- Realización dos 300 créditos: Os alumnos procedentes do plano de 1994 que teñan todo o primeiro ciclo adaptado ó plano de 1999 deberán realizar tódolos créditos vinculados ó segundo ciclo do plano de 1999 e 2 créditos máis para completa-los 300 créditos necesarios para a obtención da titulación (Real Decreto 1497/ do 27 de novembro polo que se establecen directrices xerais comúns dos planos de estudio dos títulos universitarios de carácter oficial e validez no territorio nacional modificado polo RD 1267/1999 do 10 de xuño) Asemade e segundo o establecido no plano de estudos de 1999, para poder matricularse das Estancias ou Prácticas tuteladas é necesario ter superado 285 créditos do total do plano de estudos.

TERCEIRO.- Adaptación de materias: Cando unha materia do plano de 1999 teña como equivalencia a dúas ou mais materias do plano de 1994 todas elas han de estar aprobadas para poder adaptarse. De non ser así, as materias superadas terán a consideración de materias optativas de primeiro ou segundo ciclo, non vinculadas a ningunha especialidade, podendo computarse como optativas ou libre configuración a elección do alumno.

CUARTO.- Materias de libre elección: os alumnos que están a cursar a titulación de Farmacia polo Plano de estudos de 1994 poderán cursar materias optativas das ofertadas no plano de estudos de 1999, para imputar a libre elección, previa solicitude e informe do centro. No caso de que estes alumnos se adapten posteriormente o plano de 1999 as materias cursadas, correspondentes a este plano, non terán que cursalas de novo, podendo imputa-las no expediente como materias optativas ou como materias de libre elección.

Os alumnos do plano de estudos de 1999, procedentes do plano de estudio de 1994 co primeiro ciclo adaptado, poderán cursar como materias de libre elección Farmacognosia II e Química Farmacéutica II do plano de estudos de 1994.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEXTO.- Organización da docencia: Os alumnos deberán matricular as materias do seu plano de estudos, e liquidar os prezos públicos consonte ós créditos que ten asignado cada materia no plano, con independencia do sistema de organización da docencia que faga a Universidade para impartilas materias.

SÉPTIMO.- Cambio de cuadrimestre: Co fin de facilitar a realización das Estancias ós alumnos repetidores de materias do plano de estudos de 1994, que se impartían no primeiro cuadrimestre do ano académico 1998/99 e que neste curso 99/2000 se imparten no segundo cuadrimestre, poderán presentarse a exame destas materias no primeiro cuadrimestre, para o que deberán solicita-lo no Decanato da Facultade. A cualificación obtida deberá imputarse na Acta correspondente da convocatoria de xuño. No caso de superar estas materias computaránse ós efectos da realización das Estancias, aínda que figuren na acta de xuño.

Para estes alumnos o Secretario/a do Centro evacuará certificación conforme o alumno ten superadas as materias das que se cumprimentará a acta no mes de xuño e polo tanto reúne os requisitos para matricularse.

OITAVO .- A Instrucción do 2 de setembro de 1999 permite que os alumnos do plano de estudos de Farmacia de 1973/75 que teñen materias pendentes sen dereito a docencia poidan cursalas consonte o plano renovado sempre que o número de materias afectadas neste plano non supere o número de tres. Tendo en conta que na Facultade de Farmacia os planos renovados son dous o de 1994 e o de 1999 estes alumnos poderán optar por un dos dous planos de estudo para a realización das materias do plano vello. A tramitación destas solicitudes realizarase seguindo a instrucción do 2 de setembro de 1999.

NOVENO.- Segundo proposta do centro, a táboa de adaptación do plano de 1973/75 ó plano de estudos de 1999 é a que figura como ANEXO a esta resolución.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 1999.



O RECTOR

Dario Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS, SR. SECRETARIO XERAL, SRA. DECANA DA FACULTADE DE FARMACIA, SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA, SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. DIRECTOR DO COIE, SR. DIRECTOR DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS, SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2º	T	405 Saúde Pública	8 ⇒	504 Hixiene e Sanidade Ambiental
2º	Opt.	462 Control de Calidade na Industria Farmacéutica	4,5 ⇒	510 Análise e control de medicamentos
2º	Opt.	433 Microbioloxía Clínica: Bacterioloxía	6 ⇒	507 Microbioloxía Especial
2º	Opt.	531 Microbioloxía Clínica: Viroloxía e Micoloxía	6 ⇒	
2º	Opt.	434 Parasitoloxía Clínica	8 ⇒	508 Parasitoloxía Clínica
2º	Opt.	562 Tecnoloxía Farmacéutica Industrial	6 ⇒	509 Tecnoloxía Farmacéutica



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO

PLANO RENOVADO 1999				PLANO VELLO 1973/75	
Ciclo	Tipo	Materia	Créditos	Materia	
1º	T	102 Botánica	6 ⇒	204 Botánica	
1º	T	103 Físico-Química	14 ⇒	203 Físico Química	
1º	T	104 Matemáticas	6,5 ⇒	101 Matemáticas	
1º	T	105 Química Inorgánica	14 ⇒	201 Química Inorgánica	
1º	T	106 Química Orgánica	14 ⇒	202 Química Orgánica	
1º	T	107 Técnicas Analíticas	7 ⇒	302 Análise Químico	
1º	Obr	111 Química Xeral	6,5 ⇒	103 Química Xeral	
1º	T	201 Bioquímica	12,5 ⇒	301 Bioquímica	
1º	T	202 Fisioloxía	11 ⇒	304 Fisioloxía Animal	
1º	T	203 Fisioloxía Vexetal	4,5 ⇒	506 Fisioloxía Vexetal	
1º	T	204 Fisiopatoloxía	6 ⇒	?	
1º	T	205 Microbioloxía	10 ⇒	303 Microbioloxía	
1º	T	206 Parasitoloxía	6,5 ⇒	205 Parasitoloxía	
1º	T	207 Técnicas Instrumentais 232 Técnicas instrumentais Clínico Sanitarias 262 Caracterización estructural de Fármacos	5,5 ⇒ 4,5 7,5	305 Técnicas Instrumentais	
2º	T	301 Análise Biolóxica e Diagnóstico de Laboratorio I 431 Bioquímica Clínica	8 ⇒ 7,5	406 Bioquímica Especial e Clínica	
1º	T	302 Farmacognosia	10 ⇒	502 Farmacognosia	
2º	T	303 Farmacoloxía I 403 Farmacoloxía II	12,5 ⇒ 6 ⇒	Farmacodinamia 403	
1º	T	305 Química Farmacéutica	15,5 ⇒	401 Química Farmacéutica	
2º	T	306 Tecnoloxía Farmacéutica I	11,5 ⇒	402 Farmacia Galénica Xeral	
2º	T	406 Tecnoloxía Farmacéutica II	7 ⇒		
2º	T	401 Análise Biolóxica e Diagnóstico de Laboratorio II	6 ⇒	507 Microbioloxía Especial 508 Parasitoloxía Clínica	
2º	T	402 Biofarmacia e Farmacocinética	10 ⇒	501 Farmacia Galénica Especial	
2º	T	501 Lexislación e Deontoloxía	4,5 ⇒	503 Historia da Farmacia e Lexislación	
		251 Historia da Farmacia	4,5 ⇒		
2º	T	404 Nutrición e Bromatoloxía	9 ⇒	404 Bromatoloxía e Toxicoloxía	